

ACORDO do 14 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Alvite e Alvite II, nos concellos de Negreira e Mazaricos (A Coruña) (expediente IN408A 2020/161), DOG Núm. 216, de 14 de novembro de 2022. **Prazo para remitir alegacións: 28/12/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20221114/AnuncioV0653-191022-0001_gl.html

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
<p>proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Alvite e Alvite II</p>	<p>Green Capital Power, S.L. (CIF: B85945475)</p>	<p>Negreira e Mazaricos (A Coruña)</p>	<p>Co fin de evacuar a enerxía eléctrica xerada nos parques eólicos proxectados e promovidos por Green Capital Power, S.L.:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Parque eólico Alvite, de 41,4 MW, con número de expediente IN408A 2018/32. • Parque eólico Alvite II, de 27,0 MW, con número de expediente IN408A 2019/16. <p>Proxéctase unha liña de media tensión (LMT) de 30 kV desde o centro de seccionamento do parque eólico Alvite II (CS Alvite II 30 kV) ata a subestación eléctrica transformadora do parque eólico Alvite (SET Alvite 30/132 kV), que se chamará «LMT 30 kV CS Alvite II-SET Alvite», e unha liña aérea de alta tensión (LAAT) de 132 kV, que partirá da devandita SET Alvite 30/132 kV e chegará ata a SET Banzas 30/132 kV, chamada «LAAT 132 kV SET Alvite-SET Banzas». Ambas as liñas formarán a solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Alvite e Alvite II que é o proxecto que se somete a información pública mediante este acordo.</p> <p>Non forman parte do alcance deste proxecto senón que son obxecto doutros proxectos independentes que se están actualmente a tramitar e son promovidos por Green Capital Power, S.L. o CS Alvite II 30 kV (incluído no proxecto parque eólico Alvite II, expediente IN408A 2019/16) e a SET Alvite 30/132 kV (incluída no proxecto parque eólico Alvite, expediente IN408A 2018/32).</p> <p>Desde a mencionada SET Banzas 30/132 kV (expediente IN408A 2017/15) evacuarase a enerxía ata a subestación colectora Lousame 132/220 kV e, desde esta, á SET Lousame 220 kV de REE actualmente en servizo, onde se efectuará a conexión coa rede de transporte nacional. Estas instalacións non forman parte deste expediente.</p> <p>Características técnicas da instalación:</p>

- A LMT 30 kV CS Alvite II-SET Alvite componse dos seguintes cinco tramos:
 - Tramo 1: liña subterránea de media tensión 30 kV que consiste nun simple circuíto de condutores tipo RHZ1-RA+2OL (S) 18/30 kV 3×(1×630 mm² Al)+H16, enterrado baixo tubo sen formigonar. Ten orixe na sala de celas do CS Alvite II 30 kV e final no apoio para paso aéreo-subterráneo (PAS) ALV-ALV 1. Discorre polo TM de Negreira e a súa lonxitude aproximada é de 19 metros (sen incluír os aproximadamente 6 m de saída desde as celas do centro de seccionamento e os aproximadamente 20 m para subida do cable polo apoio PAS).
 - Tramo 2: liña aérea de media tensión 30 kV que consiste nun dobre circuíto de condutores de tipo LA-180 simplex, tendido sobre apoios metálicos de celosía. Ten orixe no apoio PAS ALV-ALV 1 e final no apoio PAS ALV-ALV 4. Discorre polo TM de Negreira e a súa lonxitude aproximada é de 365 metros.
 - Tramo 3: liña subterránea de media tensión 30 kV que consiste nun simple circuíto de condutores tipo RHZ1-RA+2OL (S) 18/30 kV 3×(1×630 mm² Al)+H16, enterrado baixo tubo sen formigonar. Ten orixe no apoio PAS ALV-ALV 4 e final no apoio PAS ALV-ALV 5. Discorre polo TM de Negreira e a súa lonxitude aproximada é de 431 metros (sen incluír os aproximadamente 20 m nos apoios PAS).
 - Tramo 4: liña aérea de media tensión 30 kV que consiste nun dobre circuíto de condutores de tipo LA-180 simplex, tendido sobre apoios metálicos de celosía. Ten orixe no apoio PAS ALV-ALV5 (TM de Negreira) e final no apoio PAS ALV-ALV 8 (TM de Mazaricos). A súa lonxitude aproximada é de 661 metros.
 - Tramo 5: liña subterránea de media tensión 30 kV que consiste nun simple circuíto de condutores tipo RHZ1-RA+2OL (S) 18/30 kV 3×(1×630 mm² Al)+H16, enterrado baixo tubo sen formigonar. Ten orixe no apoio PAS ALV-ALV 8 e final na sala de celas da SET Alvite 30/132 kV. Discorre polo TM de Mazaricos e a súa lonxitude aproximada é de 55 metros (sen incluír os aproximadamente 6 m de entrada nas celas e os aproximadamente 20 m para baixada do cable polo apoio PAS).
- A LAAT 132 kV SET Alvite-SET Banzas componse dun único tramo de liña aérea de alta tensión 132 kV, que consiste nun simple circuíto de condutores de tipo LA-280 simplex, tendido sobre 18 apoios metálicos de celosía. Ten unha lonxitude aproximada de 4.348 metros, con orixe no pórtico metálico situado no interior da SET Alvite (TM Mazaricos) e final no pórtico metálico situado no interior da SET Banzas (TM Negreira).
- Todas as liñas aéreas disporán dun cable de fibra óptica tipo OPGW-48 para comunicacións que efectuará, ademais, a función de cable de terra, mentres que as comunicacións nas liñas subterráneas realizaranse con cables de fibra óptica monomodo.
- O tendido aéreo realizarase sobre apoios metálicos de celosía e o número de apoios proxectados é de 26.

Documentación que se expón:

1. O proxecto técnico (visado o 26.9.2022).
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (asinado o 26.9.2022).
3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (visado o 26.9.2022).